

PECADO

En *Desterrada do meu corpo* -Accésit do 1º Premio Letras de Cal- Verónica Martínez Delgado ofrécenos unha lírica radical e aberta que desbota a filosofía do pracer como culpa -malia afirmar: "*Din que o corpo/ ten algo que ver co pecado*"- e busca o encontro co outro ser como feito propiciatorio dunha viaxe pola realidade física e sentimental dese corpo que abrangue algo máis que a súa material envoltura. Así, chegan ó poema outras liñas temáticas onde o mar é presenza inevitable na lonxanía, o parto se transforma nun medio de coñecemento e a dor da ausencia provoca un percorrido polos lugares próximos para, á fin, o eu poético asumir que "*ninguén é xa estranxeiro/ no meu corpo*".

Tempos Novos, 56, xaneiro 2002, p. 67